



**Resolución de 14 de marzo de 2005, do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña pola que se resolve o expediente nº 388 que afecta ó monte *Coto da Gándara*, do lugar da Gándara, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo.**

"Reunido o 14 de marzo de 2005 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do xefe do Servicio de Montes e I.F., Don Ramón Martín López-Suevos, por ausencia da delegada provincial na Coruña da Consellería de Medio Ambiente, Dona Ana M<sup>a</sup> Díaz López, coa asistencia dos vocais, Don Alfonso Vázquez-Castro Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta de Galicia, Don Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, Don José Manuel Caramés Franco, representante das comunidades veciñais de Montes en Man Común, e da secretaria en funcións Dona M<sup>a</sup> Jesús Budiño Rodríguez, xefa do Servicio Xurídico da Delegación de Medio Ambiente na Coruña, para estudar e resolve-lo

Expediente: 388  
Monte: *Coto da Gándara*  
Comunidade: lugar de Gándara  
Parroquia: Vimianzo  
Concello: Vimianzo

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

1º. Os veciños do lugar de Gándara, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo, solicitaron deste Xurado, con data 13.05.04, a declaración como veciñal do expresado lugar, do monte arriba citado. Este monte denominado *Coto da Gándara* ten as seguintes características segundo o Informe do Servizo de Montes de data 8.3.05:

*En canto aos seus límites, estes veñen reflectidos no plano topográfico do monte solicitado (documento nº 31 do expediente), a escala 1:5.000, e na descrición polo miúdo do itinerario do levantamento, coa descrición dos seus vértices, que aparecen con cadansúas coordenadas UTM europeum datum 1950.*

Superficie: 76,93 ha

Lindeiros:

PARCELA I): Superficie: 8,26 ha

Norte: monte veciñal do lugar de Pasantes (parroquia de Vimianzo). Leste: en parte con herdeiros de Manuel Miñones Santos e Andrés Costa García; e en parte con terreos particulares no anaco de monte "Cova da Costa", dos veciños de Gándara. Sur: en parte, con propiedades particulares nas paraxes "Prado de Somonte" e "Fonte dos dados" ou "Pedras Muitas", de veciños



457

de Sotomonte e A Gándara respectivamente; e, en parte, con Andrés Costa García. Oeste: monte veciñal de Pasantes (parroquia de Vimianzo).

PARCELA II) Superficie: 68,67 ha

Norte: en parte, con propiedades particulares de veciños de Pasantes, A Gándara e Sotomonte; noutra parte, co circundado coñecido como "Prado da Misa", de propiedade particular; e, noutra parte, co monte veciñal de de Sotomonte. Leste: herdeiros de Modesto Vázquez Andujar no anaco de monte "Fonte dos Dados" ou "Pedras Muitas"; monte veciñal de Sotomonte, circundados de propiedade particular "Prado da Laxa" e "Prado da Misa" e con terreos particulares propiedade dos herdeiros de Andrés Carballo Pérez, herdeiros de Jesús Alborés Gándara e Jesús Novo. Sur: monte veciñal en man común de Ogas (Cambada) e con terreos particulares no "Prado da Rega". Oeste: monte veciñal da comunidade de Ogas.

2º. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 14.7.04, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose como Instructor del a Don Alfonso Vázquez-Castro Garma, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Coreubión, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Vimianzo, ó xefe do Servicio de Montes e I.F.e publicándose edictos no D.O.G. (núm. 182, do 17.09.2004), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

3º. Os promoventes fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que veñen aproveitando o monte dende tempo inmemorial. Tamén manifestan que a totalidade do monte foi obxecto dun Consorcio entre Patrimonio Forestal do Estado e o Grupo Sindical de Colonización nº 13.139 (achegan fotocopia do dito consorcio de data 22-4-71)

4º. En datas 13.08.04 e 6.10.04 Dona Nieves Gándara Rodríguez e outros, presentaron escritos alegando a súa oposición á clasificación por ser titulares de pleno dereito do dito monte e solicitando o arquivo do expediente. No trámite de audiencia, realizado o 14-3-05, identificaron como da súa propiedade unha zona que queda fora do solicitado polos promoventes.

5º. O 21 de setembro de 2004 Don Oscar Soto Castiñeiras, como presidente da comunidade do monte veciñal en man común de Ogas, presentou un escrito alegando, en síntese, que a Parcela II de 68,67 ha linda polo Oeste co monte veciñal da comunidade de Ogas.

6º. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común (D.O.G. núm 202, de 20 outubro) e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, (D.O.G. núm 186, de 23 de setembro) ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO:



459

1º. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

2º. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños do lugar de A Gándara son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

3º. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reunir as seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuñeiros; 3) Que os veciños comuñeiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

4º. Das actuacións obrantes no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, dedúcese que neste caso nos encontramos cun monte pertencente á comunidade veciñal do lugar da Gándara, no que se cumpren os aludidos requisitos. Por mais abastanza existencia do aproveitamento polos promotores dedúcese claramente do consorcio existente. E por outra banda o monte está perfectamente identificado con respecto ás alegacións formuladas polos oponentes.

Polo anterior, este Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA cualificar como veciñal en man común o monte *Coto da Gándara*, de pertenza do lugar da Gándara, parroquia de Vimianzo, concello de Vimianzo, cos lindeiros, superficie e características que resultan do primeiro antecedente de feito. Así mesmo, acórdase excluír o declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndoo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación desta Consellería de Medio Ambiente na Coruña.

Notifíquese aos interesados".

A Coruña, 14 de marzo de 2005

Vº e Pr.  
O PRESIDENTE DO XURADO,

Asdo.- Ramón Martín López-Suevos



A SECRETARÍA DO XURADO,

Asdo.- Mª Jesús Budiño Rodríguez


PLANO DEL MONTE VECINAL DEL LUGAR DE LA GÁNDARA (VIMIANZO)

SUPERFICIE (Parcela "UNO")..... 8,2626 hectáreas

SUPERFICIE (Parcela "DOS")..... 68,6727 hectáreas

SUPERFICIE TOTAL (parcela uno + parcela dos)..... 76,9353 hectáreas

E = 1 : 5.000



En Vimianzo, a día 27 de Enero de 2004  
 El Ingeniero Técnico Agrícola,  
**Manuel Rodríguez Suárez**  
 Ingeniero Técnico Agrícola  
 Coleg. n.º 842  
 NIF. 76 363 107 - W  
 c/. Vázquez Mouzo, 26 - 1.º  
 VIMIANZO - Tel. 981 71 72 32